

## Da brutalidade da economía á brutalidade dos recortes.

O presidente da Xunta de Galiza, Sr. Alberto Núñez, anda farto de dicir que a nova Lei de Medidas (recortes en realidade) que van aprobar coa súa maioría parlamentaria (e que terá un efecto lesivo para o sistema público, e non só para o persoal), é unha medida concibida para non ter que volver meter a man nos nosos salarios. A Xunta de Galiza, libre de toda culpa, seica “só” aplicou a redución salarial do 5% que lle impuxo o goberno central.

Esta é a maior das manipulacións da verdade ás que certos políticos nos teñen acostumados/as; e inda parece que a temos que crer.

Pero é que en realidade esta manipulación non vai dirixida ás traballadoras e traballadores, nós xa sabemos a perda salarial que levamos soportado nos últimos anos; este anuncio vai dirixido á opinión pública para afondar máis no intento de desprestixio das/os profesionais: “*polo menos teñen un emprego fixo*”. Parece que dan igual as condicións.

A **CIG-SAÚDE** fixo unha análise das retribucións que o persoal do SERGAS deixamos de percibir desde que o Sr. Alberto Núñez é presidente da Xunta de Galiza, coa conxelación dos Acordos Retributivos 2008-12 e coa conxelación da Carreira Profesional. Na táboa que figura no [folleto de información que pode descargar de aquí](#), pódese ver o montante de retribucións que se deixaron de cobrar en función da categoría. A perda de retribucións das categorías que faltan é igual en % ao seu grupo profesional, que aparece aquí recollida. A táboa completa de perda das retribucións de todas as categorías está a túa disposición no local sindical da **CIG-SAÚDE**.

[Descarga e difunde](#) !